

## OBITUARIO

Moncho Rodríguez (Director teatral; Vigo, 1950-Salvador de Baía, 2023)

# Impulsor do teatro moderno en Galicia, foi figura clave na escena de Portugal

O escenógrafo comezou na Sala Carral e impulsou numerosos proxectos culturais

INMA LÓPEZ SILVA

A medida que pasan as perdas no teatro galego, aséntase en nós o convencemento de que si hai seres imprescindibles. Non é certo que ninguén sexa insubstituíbel, especialmente cando unha simple ollada ao pasado amosa a excepcionalidade de dúas décadas, a dos setenta e os oitenta, en que todo foi construído para que hoxe aínda exista. Nese contexto é onde se sitúa a figura de Moncho Paz, finado o pasado sábado 28 de xaneiro en Salvador de Baía (Brasil), o derradeiro destino dun teatreiro inquieto en permanente procura desde a emerxencia do teatro independente galego ata a actualidade.

Nacido en Vigo en 1950, pasou a súa infancia e mocidade coa súa familia no Brasil, de onde regresa en 1975. O seu nome é indisoluble dunha entidade fundamental —malia non sempre recoñecida— no vínculo entre o nacente teatro galego e o teatro independente de oposición ao franquismo: o Círculo Ourensán-Vigués, cuxa agrupación teatral se converteu nunha verdadeira impulsora da renovación escénica e da contestación artística na cidade de Vigo, capaz de irradiar ese activismo ao resto de Galicia. Alí asina Moncho Rodríguez os seus primeiros espectáculos como director ao cargo do Teatro Popular Galego de Maximino Queizán, acubillo de quen fundarían logo a compañía Artello. Nesta plataforma realizará Rodríguez espectáculos tan célebres como



Rodríguez, nunha imaxe tomada hai anos nunha visita a Guimarães. CCVf

audaces e valentes para a época, coma *Pícnico*, de Arrabal, e *Tarará Chis Pum*. Na súa estrea na Mostra Abrente de Ribadavia no 79 e no 80, respectivamente, foron dúas pezas memorábeis.

Naquel tempo en que non había Centro Dramático, nin Escola Superior de Arte Dramática, nin Agadid, senón só unha mancha de compañías formadas por novísimos artistas que procuraban o público con tanto interese coma un discurso verdadeiramente moderno para o nacente teatro profesional, era unha prioridade atopar espazos que desen estabilidade a aquelas primeiras compañías. Nese senso, Moncho

Paz soubo facerse, non sen certa dose de habelencia, coa sede da OJE (Organización Juvenil Española) na viguera rúa Carral, que axiña se converteu na Sala Carral, onde non só Artello tería a oportunidade de botar adiante o seu traballo, senón que tamén se converteu nun foco de actividade cultural por onde pasaron compañías independentes tanto galegas coma portuguesas, así coma a canción protesta galega, alén de desenvolver un obradoiro de investigación teatral.

A Sala Carral pecha as súas portas en 1979, e nese momento Moncho Paz deixa Artello para axiña integrarse na compañía co-

ruíña Luís Seoane, que fundara Manuel Lourenzo canda Xosé Manuel Rabón e Miguel Pernas. Alí participa como músico (*Dansen*, de Brecht), e como director nunha peza de Plínio Marcos titulada *Dous perdidos nunha noite suxa*, que foi moi aplaudida no momento, e que levou a compañía a ter un interesante contacto con Portugal. O paso seguinte, na mesma necesidade de estabilidade de que caracterizara a experiencia de Artello, foi contar cun espazo: a sala Luís Seoane, aberta o 26 de agosto de 1981 e que manterá unha programación estábel ata o final da década dos oitenta.

Mais Moncho Rodríguez non permanecerá alí. Pouco despois de integrarse na compañía Luís Seoane, marchará a Portugal, onde desenvolverá boa parte da súa carreira teatral. Foi director artístico do Teatro Universitario do Porto (1978-1981); fundador da compañía Os Comediantes (1983); promotor do Teatro Oficina de Guimarães, e o seu primeiro director artístico (1994-2000); creador do Centro de Criatividade Póvoa de Lanhoso (2006-2012); e impulsor, coordinador e director artístico da plataforma Fafé Cidade das Artes (2013). Entre os anos 2000 e 2004 creou o Projeto de Integração de Atores do Nordeste no Brasil, onde, finalmente, se instalou e desde onde de continuou cun labor de xestión teatral que o levaría a manter vivo o activismo do teatro na Lusofonía, entendendo Galicia como parte do mesmo universo.

## PARA LEER



## «Reyes vagabundos»

Joseph O'Connor

Traducción de Isabel Márquez Méndez

Editorial Impedimenta

382 páginas. 23,95 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Para aqueles *hooligans* que creían que a novela sobre el rock and roll, o el pop, se había acabado, que no había nada más que decir tras *The Commitments* (1987), del escritor irlandés Roddy Doyle (Dublín, 1958), y, sobre todo, *Alta fidelidad* (1995), del inglés Nick Hornby (Redhill, Surrey, 1957). Para aquellos que —porque, entre otros razones, juzgan que el asunto es puramente *british*— de mala gana tragaban con libros como *Fargo Rock City. Una odisea metalera en la Dakota del Norte rural* (2001), de Chuck Klosterman (Breckenridge, Minnesota, 1972); *El tiempo es un canalla* (2010), de Jennifer Egan (Chicago, 1962); y *Love Song* (2022), de Carlos Zanón (Barcelona, 1966). Especialmente para ellos, pero también para el lector atento y propicio a la inteligencia, llega hoy a las librerías españolas —de la mano del sello Impedimenta— *Reyes vagabundos* (2014), obra de otro dublinés, Joseph O'Connor (1963). Y de nuevo las claves son el realismo, el humor, la sensibilidad, la pasión, las dosis justas de dramatismo, el amor a la música y especialmente a los músicos —el primer paso siempre es reconocer la generosidad de su entrega—. Si, además, el lector padece brotes de nostalgia, este viaje al pasado tan ochentero, entre el siglo XXI y aquella década, será la mejor terapia (cura a la que puede contribuir la proteica *playlist* que como complemento propone el libro). Estas memorias de Robbie Goulding, que fue guitarrista de los Ships, criado en las grises urbanizaciones de adosados de Luton, donde supo soñar a lo grande —con Fran Mulvey, Sarah-Thérèse Sherlock y su hermano Seán—, son un prodigio de lo verdadero —más incluso que si fuesen ciertas— gracias a esa fresca y empática oralidad del que recuerda y sabe lo cerca que están los reyes y los vagabundos porque ha conocido los dos estadios y se niega a olvidar sus raíces. Ser por eso que asume con tanta sabiduría la ambición y las traiciones que condujeron al final.

## Fallece la artista Elda Cerrato, premio Velázquez 2022

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Elda Cerrato —galardonada con el premio Velázquez de las artes plásticas 2022, que cada año entrega el Ministerio de Cultura española a una figura iberoamericana— falleció a los 92 años. Nacida en Asti (Italia, 1930; a los 8 años llegó a Argentina con su familia siguiendo el exilio de su padre partisano), era una creadora visual y docente que vivía y trabajaba en Buenos Aires.

Cerrato era profesora titular en el Departamento de Artes e investigadora del Instituto de Historia del Arte Argentino y Latinoamericano de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Buenos Aires. Desde 1962, participó en más de 150 expo-

siciones colectivas en Europa, Asia y en América, así como en salones nacionales de Argentina y Venezuela y en ocho bienales internacionales, como recuerda la agencia Efe.

Junto a su pareja, el músico experimental Luis Zubillaga, integró desde los 50 los primeros grupos en América Latina del maestro místico Gurdjiff —y su cuarto camino— y otras búsquedas espirituales y filosóficas alternativas. En los años 60 estuvo muy cercana a Aldo Pellegrini, Juan Carlos Paz, Óscar Masotta, vinculada al Instituto Di Tella y más tarde al Centro de Arte y Comunicación. Y formó parte, junto a Juan Carlos Romero, de la fundación del Sindicato Úni-



Elda Cerrato. ROMINA SANTARELLI

co de Artistas Plásticos.

Vivió en Venezuela durante la dictadura militar argentina 1976-1983, y estuvo involucrada en el medio cultural de Caracas y, en particular, en el grupo El Techo de la Ballena. En el 2021, el Museo de Arte Moderno de Buenos Aires organizó la antológica *El día*

*maravilloso de los pueblos*. Decía que su carrera y su obra eran fruto de numerosos encuentros vitales y destacaba el que había tenido con su amado Zubillaga (también con Gurdjiff y con el controvertido antropólogo Carlos Castaneda). «No todo responde a temas causales, también hay agujeros en las cosas que no se pueden controlar [...]». Incluso encuentros con entes del otro lado, platillos voladores en Tucumán y cosmovisiones que impregnaron su vida con experiencias exotéricas. En esa misma línea, otro hecho que influyó decisivamente en su creación fue el *descubrimiento* del pasado de Latinoamérica y su abandono del hegemónico eje de pensamiento occidental.